

DOMINGO 27 DE NOVEMBRO ÁS 19.00 H

CASA DA CULTURA “RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ”



As do peixe, é unha viaxe a través da memoria, unha crónica das mulleres trabaladoras da conserva, baseada en testemuñas reais da vida nas fábricas a partir dos anos setenta e contada desde o momento actual.

Un espectáculo que honra a memoria das traballadoras da conserva

Catro mulleres, Conchi , Begoña, lisa e Tere, reúnen periodicamente nun espazo público dedicado á memoria das conserveiras. Aquí tratan de lembrar o seu pasado laboral e o de tantas mulleres que , logo de que a fábrica de conservas máis importante da vila pechara , despois de moitas loitas e desengaños, vironse sen traballo e sen posibilidades reais de volver a recuperalo. A súa historia , é a de moitas outras mulleres das vilas mariñeiras que quedaron sen traballo, amosan unha realidade: o derrumbe dunha economía e dun xeito de vivir.

Mais esta viaxe cara ao pasado supón aínda máis para elas xa que a recuperación na memoria dos momentos claves dos anos vividos na fábrica , irán íntimamente unidos ás súas propias biografías . as súas vidas e as de moitas mulleres, pasarán por diante delas facéndolle revivir un pasado que

agora mesmo parece moito mellor do que foi , e enfrontarse a un presente cheo de incertezas.

Xénero: Comedia

Destinada a adultos . Maiores de 12 anos

Este espectáculo é patrocinado por GALP (Grupo de Acción local do sector pesqueiro Ría de Arousa